

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: XUNTANZA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA PROCEDER Á EXECUCIÓN DA SENTENCIA NÚMERO 243/2017 DE 18 DE MAIO DE 2017 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, EN RELACIÓN CO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDIOS E PROPOSTAS TÉCNICAS SOBRE A PRAZA DE ABASTOS, A REDACCIÓN DUN PROXECTO DE OBRA, DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS E Á VALORACIÓN DA PROPOSTA TÉCNICA PRESENTADA POR ABADEUS ARQUITECTURA, S.L.P.

Sendo as 13:30 horas do día 24 de xaneiro de 2018 , no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Xefe do Servizo de Contratación, don Xosé Manuel Cao Rei, e actuando como vocais:

- don Marcial Rodriguez Toajas, Interventor do Concello de Lugo.
- dona Belén Santiago Vázquez, arquitecta técnico municipal.
- don Manuel louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica.
- dona Ana Tabarés Martínez, técnico de administración xeral do Servizo de Contratación, actuando como Secretaria.

Abre a sesión o Presidente da mesa e infórmase aos membros da Mesa de Contratación da Sentenza nº 243/2017 da Sección 2ª da Sala Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 18 de maio de 2017 polo que se estima o recurso de apelación contra a Sentenza do Xulgado contencioso-administrativo de Lugo revogándoa, **anula a resolución municipal de 27 de decembro de 2013 pola que se excluíu ao recorrente do procedemento e ordena a retroacción do expediente de contratación para que unha vez eliminada a anulada exclusión se complete a súa tramitación ata dictar nova resolución sobre a adxudicación.**

En aplicación desta Sentenza a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo num. 14/650 de data 25 de outubro de 2017 (notificado a tódolos licitadores) polo que se decide executar a sentenza e retrotraer o expediente de contratación ao momento no que a Mesa de Contratación acordou a exclusión do recorrente, debendo a Mesa admitilo no procedemento e proceder á valoración da proposta técnica presentada por ABADEUS ARQUITECTURA S.L.P. conforme ós criterios non avaliábeis automaticamente sinalados na cláusula décimo segunda; así como designar novos membros da Mesa de Contratación tendo en conta a decisión municipal de que non asistan concelleiros/as como membros deste órgano.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refº: ACTA MESA EXECUCION SENTENZA 24.01.18

Asunto: ACTA MESA EXECUCION SENTENZA ABADEUS

Por todo esto é polo que a Mesa de Contratación reúnese neste momento, para admitir á oferta presentada por ABADEUS ARQUITECTURA e solicitar informe técnico de valoración da proposta de intervención presentada.

Sobre a emisión deste informe técnico de valoración da documentación incluída no sobre B o prego de cláusulas administrativas non establece quen debe valorar e emitir este informe.

En data 18 de outubro de 2013 a Mesa de Contratación decidiu enviar as propostas presentadas a informe técnico do aparelador e arquitecto municipais así como da responsable da oficina do Plan URBAN, os cales emitiron informe de valoración en data 25 de outubro de 2013 que serviu de base á decisión da Mesa de Contratación de exclusión da empresa ABADEUS.

Neste momento o Plan URBAN rematou polo que a Directora do Plan xa non traballa neste Concello e non existe persoal algún neste oficina. Por outra banda o aparelador municipal que informou as propostas está xubilado polo que o único técnico informante en activo dos que participaron na valoración anterior é o arquitecto municipal don Angel Riva Cabanas.

Por este motivo a Mesa de Contratación decide solicitar informe sobre a proposta técnica de ABADEUS a un arquitecto técnico municipal e dous arquitectos municipais, un dos cales suxírese sexa don Angel Riva, para que nesta nova valoración se sigan os mesmos criterios interpretativos que se seguiron para a valoración de tódalas propostas presentadas no seu día, de xeito que a valoración derivada da análise a efectuar da oferta excluída e agora admitida sexa realizada en termos homoxéneos coas anteriores, garantindo así que a valoración a efectuar neste momento sexa coherente coa realizada anteriormente.

Sen máis que tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 13:45 horas do día anteriormente sinalado.

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei

Asdo.: Ana Tabares Martínez

